ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE FRADES PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CAMPO DE FÚTBOL DE ABELLÁ

REUNIDOS

Dunha parte, Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, Roberto Rey Martínez, alcalde do Concello de Frades, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen os artigos 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

As persoas reunidas actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que exercen, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto

EXPOÑEN

Primeiro. Con data 15 de outubro de 2026, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, asinou co concello de Frades un convenio de colaboración para a realización das obras de mellora nas instalacións deportivas do campo de fútbol de Abellá.

No apartado terceiro da cláusula sexta "conta xustificativa" do dito convenio establécese como data límite para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención o 1 de novembro de 2026.

Segundo. O Concello de Frades solicita unha ampliación do prazo de execución e xustificación das obras de mellora nas instalacións deportivas do campo de fútbol de Abellá, dado que, segundo manifesta:

"A solicitude de prórroga responde á necesidade de dispoñer dun marxe temporal adicional e estritamente limitado no tempo, para concluír axeitadamente a actuación subvencionada, preservando as condicións de calidade, seguridade e correcta execución exixibles, así como para preparar a documentación xustificativa correspondente.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: e3sfnOV8uSq0 https://sede.xunta.gal/cve

A execución subvencionada levouse a cabo segundo a planificación prevista, pero durante o transcurso dos traballos xurdiron determinadas circunstancias que condicionaron o ritmo normal de execución.

As principais dificultades concentráronse nos traballos correspondentes á execución dos traballos de cuberta e montaxe da estrutura metálica que a conforma, debido fundamentalmente á concorrencia do atraso no subministro dos materiais necesarios para a súa execución así como as condicións meteorolóxicas desfavorables.

As condicións meteorolóxicas rexistradas durante o período de execución dos traballos, de choiva e vento, dificultaron de maneira significativa o desenrolo dos traballos pendentes, especialmente os relacionados coa colocación, montaxe e terminación da cuberta.

Estas circunstancias obrigan a adaptar a planificación dos traballos, producíndose interrupcións, demoras e unha redución do tempo efectivo dispoñible para executar as operacións previstas.

Tamén se suman atrasos no subministro e dispoñibilidade dos materiais necesarios para completar á estrutura da cuberta. A súa execución depende da dispoñibilidade dos elementos e compoñentes, cuxa recepción resulta imprescindible para poder continuar de xeito ordenado coas operacións de montaxe, ensamblaxe, fixación e terminación.

A demora na entrega dos materiais condicionou a execución dos traballos, ao tratarse de elementos necesarios para completar a fase construtiva, que se dará por finalizada no prazo de ampliación solicitado.

As circunstancias descritas teñen unha incidencia directa na fase final da obra. Por un lado as condicións meteorolóxicas adversas que non permitiron realizar os traballos con continuidade nin seguridade, e por outro lado, os atrasos nos subministros dos materiais condicionaron totalmente o prazo de entrega da obra.

Non obstante, trátase dun atraso limitado no tempo, asociado á fase final de execución da obra e motivado polas circunstancias anteriormente descritas. A actuación encóntrase nunha fase avanzada e o prazo adicional solicitado permitirá completar os traballos pendentes e alcanzar á plena finalización da obra.

Na actualidade, a actuación encóntrase en fase avanzada de execución, estando pendentes de rematar os traballos finais, fundamentalmente os relacionados coa cuberta.

Unha vez superadas as dificultades sinaladas e restablecidas as condicións necesarias para continuar cos traballos, a obra e a súa xustificación quedará totalmente rematada o día 4 de novembro.

A ampliación solicitada, limitada a un período concreto, considérase suficiente para completar os traballos pendentes e dispoñer da documentación necesaria para acreditar axeitadamente a execución da actuación subvencionada".

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: e3sfnOV8uSq0 https://sede.xunta.gal/cve

Terceiro. Co fin de estudar a proposta do concello, con data 28 de outubro de 2026 reuniuse a Comisión Mixta, prevista na cláusula décimo cuarta do convenio e integrada por dúas representantes da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e dúas representantes do Concello de Frades. Unha vez analizada a solicitude do Concello, a dita Comisión propuxo a formalización dunha addenda ao convenio de colaboración para a realización das obras de mellora nas instalacións deportivas do campo de fútbol de Abellá.

A tal efecto, as partes subscriben a presente addenda ao convenio de colaboración nos termos contidos nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Modifícase o apartado terceiro da cláusula sexta "Conta xustificativa", que queda redactado do seguinte xeito:

3. A data límite para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención será o **4 de novembro de 2026**.

Segunda.- Rexistros Públicos de Axudas

1. As partes asinantes da addenda manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste addenda, así como o resto das especificacións contidas na mesma, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas da Xunta de Galicia, o concello consinte expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos á subvención obxecto deste convenio nos rexistros públicos citados, creados polos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Así mesmo consinte na publicación da addenda que esixe a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno no artigo 15 referido ás obrigas específicas de información sobre convenios.

3. En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase o contido desta addenda á Base de

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: e3sfnOV8uSq0 https://sede.xunta.gal/cve

datos nacional de subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Terceira.- O resto do clausulado do convenio de colaboración mantense inalterable.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan a presente addenda na data e hora sinaladas na sinatura electrónica

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes	O alcalde do Concello Frades
Diego Calvo Pouso	Roberto Rey Martínez

Asinado por: CALVO POUSO, DIEGO
Cargo: Conselleiro
Data e hora: 29/10/2026 11:04:32

Asinado por: REY MARTINEZ, ROBERTO
Cargo: ALCALDE (CONCELLO DE FRADES)
Data e hora: 29/10/2026 10:53:59

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: e3sfnOV8uSq0 https://sede.xunta.gal/cve